



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés e Luis Toxo Ramallo**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Hai quince anos, nunha gran aposta polo desenvolvemento do seu municipio, o Concello de Cuntis comezou a traballar arreo para crear o Polígono Industrial da Ran.

Este proxecto tivo unha gran acollida social no municipio de Cuntis, que se traduciu nun gran éxito nos seus primeiros anos. Como mostra, podemos facer referencia á rapidez coa que alí se instalaram as primeiras empresas.

Naquel entón, en case todos os concellos rurais, sobre todo nos que gobernaba o Partido Popular, estábanse investindo grandes cantidades de cartos na construción de mausoleos que servían para pouco máis que transmitir pomposidade. O Concello de Cuntis, nunha gran aposta estratéxica polo desenvolvemento económico do municipio, *comeza en solitario* (referímonos a que non contou co apoio da Xunta do Sr. Fraga para nada), co proxecto do Polígono Industrial da Ran.

Do mesmo xeito que afirmamos que foi un gran reto, tamén temos que asumir a realidade que rodeou ese proxecto. O mesmo Goberno que fixo esa gran aposta errou nos procedementos administrativos, de tal xeito, que anos máis tarde, o espazo da Ran deixaría de ser zona industrial.

Isto supuxo un claro revés para a economía xeral do municipio de Cuntis, e puxo nunha situación francamente difícil ás empresas que alí se instalaram. Nin que dicir ten que se freou toda posibilidade de instalar outras fábricas.

Sen embargo, calquera pode darse de conta de que non todo foi tempo perdido. Queremos salientar o enorme potencial que foise xerando



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

grazas a esa aposta estratéxica de crear un polígono industrial nun pobo de pequenas dimensións como o de Cuntis.

Dado o alto grado de interese que ten este proxecto para o Municipio de Cuntis en xeral, e para as empresas que se atopan instaladas en A Ran – Cuntis en particular, o Grupo de Goberno Municipal, desbordado ante a situación na que se atopaba esta superficie industrial, pide axuda á Consellería de Vivenda e Solo. O día 7 de decembro do ano 2005 podíamos ver a través dos medios de comunicación como a Alcaldesa e o Concelleiro de Obras comezaban coas xestións para o desbloqueo de dito Polígono Industrial.

Así, no mes de agosto do ano 2006, o parque empresarial de A Ran é incorporado ao “Programa Galiza Suma” e no orzamento da Xunta de Galicia para o 2008, Xestur preveu unha dotación de 12.240.000 euros para dito parque empresarial.


Recentemente entraron no Parlamento de Galicia os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2009, nos que Xestur prevé para o parque empresarial de A Ran un investimento de 2.787.000 euros.

Dada a importancia que ten para Cuntis e para a súa comarca dispoñer de solo empresarial, recoñecendo todas as dificultades e o reto que asumiu a Consellería de Vivenda e Solo cando se comprometeu con este proxecto a principios do 2006, vendo as expectativas creadas (sobre todo nos empresarios que teñen as súas naves instaladas actualmente na Ran), a deputada e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cales son os avances concretos das xestións realizadas pola Consellería de Vivenda e Solo?

2.- Cal é a previsión orzamentaria da Consellería de Vivenda e Solo con respecto á dotación de solo industrial en A Ran – Cuntis?



 Grupo Parlamentario

3.- Cal é a data prevista pola Consellería de Vivenda e Solo para a legalización das empresas que se atopan instaladas na actualidade en A Ran?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
Luis Toxo Ramallo  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 06/11/2008 16:20:02**

**Luis María Tojo Ramallo na data 06/11/2008 16:20:10**